



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

MD85PRO01

Programación de SAXOFÓN

Modelo. Programación. MD85PRO01. 01/09/2017. 1



curso 2020/2021

PROFESORADO:

IVÁN BARRO ALONSO
ALEJANDRO CIMADEVILA LOUZAO
SARA RIVAS RAIMUNDEZ





Índice

1.	Introdución.....	3
2.	Metodoloxía.....	7
3.	Atención á diversidade.....	10
4.	Elementos transversais.....	12
	3.1 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC).....	13
5.	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	14
6.	Secuenciación do curso.....	15
	6.1 Curso 1º do Grao Elemental.....	15
	6.2 Curso 2º do Grao Elemental.....	26
	6.3 Curso 3º do Grao Elemental.....	38
	6.4 Curso 4º do Grao Elemental.....	49
	6.5 Curso 1º do Grao Profesional.....	60
	6.6 Curso 2º do Grao Profesional.....	71
	6.7 Curso 3º do Grao Profesional.....	83
	6.8 Curso 4º do Grao Profesional.....	95
	6.9 Curso 5º do Grao Profesional.....	107
	6.10 Curso 6º do Grao Profesional.....	120
7.	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	132
8.	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	133
9.	ANEXOS.....	134
	9.1 Probas de acceso 1º de grao profesional.....	134
	9.2 Probas de acceso a 2º, 3º ou 4º curso do Grao Elemental.....	135
	9.3 Probas de acceso a 2º, 3º, 4º, 5º ou 6º curso do Grao Profesional.....	136
	9.4 Criterios para a obtención dos premios fin de grao.....	137





1. Introducción

Esta programación didáctica ten como principal finalidade a de adaptar e concretar os Obxectivos Xerais de Grao Elemental e Grao Profesional, así coma os específicos da área de Saxofón, propostos pola administración aos diferentes cursos destas ensinanzas, tendo moi presentes, como non podería ser de outra maneira, as características propias do centro onde se levará á práctica, o Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela, así coma do ámbito xeográfico, sociolóxico e cultural onde este se enmarca. Para elo, entre outras cousas, indícanse en cada un dos cursos unha relación de contidos, recursos e criterios de avaliación, ademais dunhas pautas en canto a súa secuenciación temporal orientadas á consecución dos obxectivos propostos, sempre cunha certa flexibilidade que permita a súa concreción e adaptación ás particularidades e necesidades de cada un dos alumnos e alumnas da especialidade.

Outra das prioridades tidas en conta na creación desta programación, dada a idade do alumnado nestas ensinanzas, sobre todo no Grao Elemental (idades comprendidas entre os 8 e 14 anos), aínda que tamén no Grao Profesional, foi favorecer o desenvolvemento de certas capacidades susceptibles dunha maior evolución e mellora nestas etapas educativas, como son a creatividade, concentración, coordinación psicomotriz, capacidade auditiva, dominio da memoria, capacidade comunicativa e autocontrol e relaxación fronte a situacións de certo estrés, coma poden ser actuacións en público.

Do mesmo xeito preténdese promover en todo o proceso de enseñanza-aprendizaxe o fomento de certos valores, normas de conducta e actitudes que favorezan o desenvolvemento integral do alumno ou alumna como persoa.





▪ Marco Legal

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes documentos legais, clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

- ORDE do 29 de setembro de 2015 pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.
- DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.
- CIRCULAR 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.
- ORDE do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.
- DECRETO 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.
- ORDE do 28 de xullo de 2008, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de





setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.

- ORDE do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.
- DECRETO 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas elementais de réxime especial de música. DOG do 25 de outubro de 2007.
- DECRETO 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.
- CIRCULAR 9/2007 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

▪ **Características do centro**

A cidade de Santiago de Compostela, na que se sitúa este conservatorio conta na actualidade no seu ámbito musical cunha Orquestra Sinfónica profesional, a Real Fiharmonía de Galicia, cun nivel moi alto e unha programación estable coa súa sede no Auditorio de Galicia, unha sala de concertos que atrae actuacións de gran calidade ao longo do ano e que fai que a cidade conte cunha programación musical estable. Conta tamén cunha Banda de Música Profesional, A Banda de Música Municipal de Santiago de Compostela, e outras agrupacións non profesionais como o Orfeón Terra Nosa, a Orquestra da USC, etc.





O Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela atópase situado ao norte da cidade e foi construído no ano 2004. É polo tanto un edificio de nova creación, arquitectonicamente moi vistoso, e con moita luz pero moi reducido para a demanda existente neste momento. Depende organicamente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e nel impártense as materias de grao elemental e profesional que están reguladas nos Decretos 198/2007 e 203/2007 polos que se establece a ordenación dos respectivos graos das ensinanzas de réxime especial de música.

▪ Características do alumnado

O conservatorio conta cunha media de 500 alumnos/as. Nel conviven alumnos de características socioculturais e socioeconómicas moi distintas; temos por un lado o alumnado maioritariamente da cidade e do contorno mais próximo cun nivel sociocultural e económico moi variado que buscan no conservatorio unha formación musical complementaria aos seus estudos xerais. Por outro lado temos alumnado dun contorno mais afastado, procedente de escolas de música de lugares como Arca, Valga, Silleda, Vedra, Teo, Rianxo, etc., cunhas inquedanzas distintas e moitas veces cun interese por completar os estudos profesionais e seguir cos estudos superiores de música, e nalgúns casos cun esforzo moito maior en canto a desprazamento. Aínda existe unha variable mais; Santiago de Compostela conta cun campus universitario que atrae alumnado procedente doutros conservatorios de Galicia que queren compatibilizar os seus estudos universitarios coa finalización dos estudos profesionais de música no Centro.

Todo isto da lugar a unha grande heteroxeneidade no alumnado en canto a dedicación, constancia no estudo, grao de implicación, etc., aspectos a ter en conta na organización do centro e na elaboración das programacións didácticas.





Dada a incidencia da pandemia da COVID-19 no proceso de ensino-aprendizaxe no terceiro trimestre do pasado curso, no presente será imprescindible como docentes mostrar unha especial sensibilidade na detección tanto das carencias xeradas a nivel de adquisición de coñecementos, como doutras problemáticas de tipo material (como a non dispoñibilidade dos recursos necesarios para o desenvolvemento do ensino a distancia) e incluso de índole emotiva que o alumnado puido ter sufrido nese período.

· **Plans de reforzo**

Coa finalidade de traballar para subsanar aquelas carencias que puideran ter sido ocasionadas polas condicións da docencia no terceiro trimestre do pasado curso, cada profesor de clarinete disporá dunha hora de reforzo no seu horario na cal traballará cos alumnos nos cais sexan detectadas ditas carencias. Nestes casos o profesor recollerá no caderno de aula tanto as carencias detectadas como as ferramentas empregadas dentro da aula de reforzo para a súa subsanación.

2. Metodoloxía

De forma xeral, aínda que se empregarán distintos estilos metodolóxicos, primarán os mais productivos, como son a resolución de problemas por parte do alumno ou alumna ou o descubrimento guiado, nos que se busca unha maior implicación do alumnado no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Os estilos máis directivos, coma a asignación de tarefas, tamén serán utilizados en función da área tratada, a natureza dos contidos, a dificultade dos mesmos e o grao de consecución dos obxectivos relacionados.

Dado que esta materia se impartirá semanalmente cunha duración dunha hora faráse vital un correcto aproveitamento temporal de cada unha das sesións. É por iso que se intentará inculcar certa puntualidade no alumnado, tendo en conta que nas ensinanzas





musicais poden necesitar de certo tempo entre clase e clase para recoller o instrumento ou mesmo para transportalo dunha aula a outra.

Procurarase, se fose necesario, que cada alumno e alumna tomase conciencia da importancia das tarefas recomendadas para a súa realización na casa, xa que se fai imprescindible para a súa correcta evolución dentro das ensinanzas musicais.

Do mesmo xeito, débese ter en conta que a vocación do alumno ou alumna pode, e de feito na maioría dos casos así é, non estar totalmente definida de cara aos estudos superiores de música. En calquera caso, procurarase en todo momento a motivación do alumnado, que deberá resultar nun maior rendemento do mesmo, e pode que reforce ao mesmo tempo a súa incipiente vocación.

- Os principios metodolóxicos xerais da materia son:
 - Principios de **actividade e participación**: daremos ao alumnado un papel activo no seu aprendizaxe (investigación, descubrimento guiado, resolución de problemas...), o dos seus compañeros (ensinanza mutua, traballo en grupos cooperativos...) e a avaliación dos mesmos (autoavaliación e coavaliación). Trataremos de facer partícipes da sesión a todo o alumnado en todo momento, para iso evitaremos as actividades eliminatorias e con largas esperas.
 - Principios de **motivación e autoestima**: no comezo e final das sesións procuraremos realizar una explicación ou reflexión de carácter motivante, que leve aos alumnos/as a unha situación que facilite a súa maior implicación no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Reforzaremos positivamente as actitudes e execucións correctas, orientaremos as que non o sexan mediante distintos mecanismos de *feedback* nas que poidan apreciar a súa mellora, desenvolvendo así a súa autoestima.





- Principios de **aprendizaxes significativos**: dacordo coa concepción constructivista da aprendizaxe partiremos dos coñecementos previos sobre os contidos da materia (avaliación inicial) e as relacións entre eles e os doutras materias (interdisciplinariedade), téndoos en conta á hora de trazar un camiño (temporalización) e unhas estratexias apropiadas co fin de acadar os obxectivos previstos.
- Principios de **globalización**: o tratamento dos contidos obxecto da aprendizaxe estruturarase de forma interrelacionada dentro de cada curso (contidos abordados por bloques) e entre os diferentes cursos (tratamento en espiral dos contidos, profundizando no seu desenvolvemento respecto aos cursos precedentes respectando así a evolución do alumno/a e a súa aprendizaxe).
- Principios de **personalización e atención á diversidade**: para o deseño desta PD tívose en conta a heteroxeneidade de cada agrupación – clase. Nesta mesma liña, adaptarase a actuación docente en función dos diferentes ritmos de taballo e aprendizaxe (traballos por grupos de nivel, actividades de reforzo desenvolvidas en paralelo á sesión tipo, actividades de ampliación, uso de estratexias analíticas...).
- Principios de **interacción**: fomentarse a interacción positiva entre todos os participantes do proceso de aprendizaxe: alumno – alumno (traballo en grupo, ensinanza mutua, coavaliación...), alumno – profesor (debate, descubrimento guiado, análise de resultados, reflexións, reforzos...) e procuraremos a implicación das familias no proceso educativo (acción titorial).





3. Atención á diversidade

Debemos considerar a atención á diversidade como aquelas actuacións, medidas ou programas destinados a dar una resposta adecuada a aquel alumnado con necesidades específicas de apoio educativo para o logro dos obxectivos previstos.

Enfocaremos a atención á diversidade partindo dende o análise da heteroxeneidade do grupo, no que atoparemos diferencias individuais en canto a intereses, motivacións, ritmos de aprendizaxe, coñecementos previos... Debido a isto cobra especial importancia a avaliación inicial que realizaremos: de forma xeral ao inicio do curso, tratando de coñecer as características individuais de cada alumno/a para identificar o máis prematuramente posible as medidas de atención precisas; e máis especificamente cada vez que se aborde un repertorio novo na agrupación, afinando no posible esas medidas. Igualmente destacable é a coordinación dentro do departamento entre os profesores que imparten esta mesma materia, e cos titores/as de cada un dos alumnos/as.

No caso de non detectar necesidades específicas de apoio educativo dentro do grupo as **medidas de atención á diversidade non significativas** serán as seguintes:

- Medidas de carácter xeral:
 - Selección do repertorio atendendo a criterios sociocéntricos (necesidades, intereses, motivacións, posibilidades...).
 - Establecemento de tarefas de reforzo e ampliación prestando atención aos diferentes ritmos de aprendizaxe do grupo.
- Medidas personalizadas:
 - Alumnado coa materia pendente do curso anterior: maior atención a posibles necesidades do alumno/a e contacto permanente co titor/a co





fin de establecer unha estratexia conxunta no caso de atoparse dificultades.

- Exentos da práctica instrumental de forma temporal (enfermidade, lesión ou outras causas debidamente xustificadas): no caso de alumnos/as que por causa prolongada non poidan participar nunha porcentaxe superior ao 66% das sesións, deberán realizar un exame final coas mesmas características que o indicado para o alumnado que perdera o dereito á avaliación continua. Aqueles que polo motivo que fora non poidan participar puntualmente en algunha das sesións, deberán facerse cargo de coñecer o traballado na clase e, na medida do posible, realizalo na casa, procurando así evitar un prexuízo no ritmo de traballo das seguintes sesións.

Se se detectaran necesidades específicas de apoio educativo dentro do grupo as **medidas de atención a diversidade significativas** reflectiranse nunha adaptación curricular personalizada tendo en conta a opinión dos membros do departamento ao que a materia está abscrito e que poderá seguir diferentes estratexias coma:

- Variación da metodoloxía.
- Adaptación do material didáctico (repertorio).
- Proposta de actividades complementarias e de apoio e cunha dificultade acorde a cada alumno/a.
- Maior flexibilidade en canto ao ritmo de traballo.





4. Elementos transversais

Á espera de que se regulen o elementos transversais especificamente na lexislación das nosas ensinanzas, tomaremos a referencia do Decreto que establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

1. Os seguintes elementos traballarase en todas as materias do currículo: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballarase en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

2. A consellería con competencias en materia de educación fomentará o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

A programación docente debe abranguer en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero,





favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

3. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

4. No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

O tratamento de contidos transversais é imprescindible para a formación integral dos alumnos e alumnas. Representan uns elementos educativos básicos que deben incorporarse nas diferentes áreas co fin de conseguir unha plena integración do alumnado na sociedade. Son contidos de ensinanza esencialmente actitudinais que responden a problemas e realidades directamente relacionados coa vida cotiá de actualidade no ámbito social e que pola súa trascendencia demandan un tratamento educativo.

4.1 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación

Nesta materia, dado o carácter principalmente auditivo, e en algún caso visual, de moitos dos contidos plantexados, o uso das TIC pode complementar, e mesmo facilitar en boa medida o proceso de ensinanza – aprendizaxe.





Amáis da utilización da pizarra electrónica, no caso de dispoñer dela, é probable que en moitas ocasións se recorra a materiais audiovisuais, tanto vídeos coma audios, para complementar a modo de exemplos prácticos o tratado en cada unha das sesións de clase. Así mesmo, se se estima convinte, achegaráselle ao alumnado material en formato electrónico (textos, gráficos, etc.) que poida axudar á comprensión de calquera dos contidos ou poida complementalos. Así mesmo poderáse recomendar a escoita de gravacións polos medios dos que se dispoña (CD, DVD, plataformas de vídeo e audio de Internet...) e tamén se poderá facer uso dunha aula virtual da materia, a criterio do profesor.

Non se permitirá o uso do móbil nin a gravación en vídeo e/ou audio ou a toma de fotografías nas sesións de clase se non é co permiso explícito do profesor e dos alumnos e alumnas implicados, e sempre e cando sexa por motivos estritamente pedagóxicos.

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Fomentarse a asistencia dos alumnos e alumnas a concertos, cursos, clases de reforzo, conferencias, etc. que xurdan tanto dentro coma fora do centro, sobre todo das relacionadas ou que poidan ser de interese para a materia.

Así mesmo intentarase, na medida do posible, participar nas actividades organizadas polo Departamento de Conxunto, no que se adscribe esta materia, ou mesmo polo Centro, que poidan ser de proveito para o alumnado, ou de promoción da materia ou das ensinanzas ofertadas no centro, a través de concertos públicos, audicións, etc.

En calquera caso as actividades complementarias e extraescolares que organice o Centro, ou nas que participe activamente, relacionadas ou non con esta materia, serán definidas ao comezo de cada curso dentro do Programa de Actividades Culturais e de Promoción das Ensinanzas.





6. Secuenciación do curso

Esta materia impártese en todos os cursos do Grao Elemental (de 1º a 4º) e do Grao Profesional (1º ata 6º).

6.1. Curso 1º do Grao Elemental

6.1.1. Obxectivos

- Adoptar unha posición corporal que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ámbalas mans.
- Detectar e controlar a respiración diafragmática.
- Controlar e fortalecer os músculos que forman a embocadura de maneira que posibilite unha correcta emisión, altura do son, articulación e flexibilidade do son.
- Coñecer as dixitacións elementais.
- Desenvolver a psicomotricidade no dominio de elementos que interveñen na interpretación musical.
- Desenvolver a capacidade auditiva e rítmica.
- Emitir un son estable en toda a extensión do instrumento.
- Lograr unha seguridade técnica, dentro das esixencias do nivel, como base da seguridade interpretativa.
- Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento e saber utilizalas, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como de conxunto.





- Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos dunha dificultade acorde con este nivel.
- Fomentar a audición de recitais e concertos en directo.

6.1.2. Contidos

- Coñecemento dos aspectos históricos relacionados co instrumento: invención, pedagogos, intérpretes, a familia do saxofón...
- Práctica de exercicios de respiración sen e co instrumento, con atención á afinación, calidade do son e dosificación do aire.
- Estudio dos matices, intervalos e articulacións sinxelas.
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade do son.
- Práctica das escalas cromática, diatónicas maiores e menores cos seus arpejos correspondentes ata dúas alteracións.
- Práctica de conxunto con outros instrumentos para desenrolar a afinación, o axuste e precisión rítmica.
- Entrenamento permanente e progresivo da memoria.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.
- Lectura a vista de obras ou fragmentos sinxelos.
- Práctica de exercicios, estudos e obras do repertorio útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumnado.





6.1.3. Avaliación

A avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso. Utilizaranse pois procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

Dita avaliación será en todo caso **obxectiva**, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, **transparente**, xa que se aplicarán os criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e **acesible**, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Criterios de avaliación 1º do Grao Elemental

- Empregar unha posición corporal que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ámbalas mans.
- Recoñecer e aplicar a respiración diafragmática.
- Usar e reforzar os músculos que forman a embocadura de maneira que posibilite unha correcta emisión, altura do son, articulación e flexibilidade do son.
- Empregar as dixitacións elementais.
- Demostrar melloría no desenvolvemento da psicomotricidade no dominio de elementos que interveñen na interpretación musical.
- Demostrar avance na capacidade auditiva e rítmica.
- Realizar un son estable en toda a extensión do instrumento.





- Demostrar unha seguridade técnica, dentro das esixencias do nivel, como base da seguridade interpretativa.
- Empregar as características e posibilidades sonoras do instrumento e saber utilizalas, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como de conxunto.
- Dominar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos dunha dificultade acorde con este nivel.
- Participar en audicións e concertos en directo.
- Mostrar unha actitude positiva fronte a tódalas actividades propostas: tanto individuais coma grupais, e tanto nas da aula ou da casa coma nas audicións e concertos en público.

Mínimos esixibles 1º do Grao Elemental

- **PRIMEIRA AVALIACIÓN**
 - L'Alphabet du saxophoniste de Prati: 1-20
 - El Saxofón y Yo de De la Rosa / Librado: 1-10
 - Rexistro dende o Re grave ata o Do de 3º espazo
- **SEGUNDA AVALIACIÓN**
 - L'Alphabet du saxophoniste de Prati : 21-60
 - El Saxofón y Yo de De la Rosa / Librado: 11-18
 - Escalas maiores e menores de ata 1 alteración propia (incluidas), picadas e ligadas, a velocidade de 80, en negras.





- Rexistro dende o Si grave ata o Re agudo.

- TERCEIRA AVALIACIÓN
 - L'alphabet du saxophoniste de Prati: 61-110
 - El Saxofón y Yo de De la Rosa / Librado: 19-25
 - Escalas maiores e menores de ata 2 alteracións propias (incluídas) e a escala cromática, picadas e ligadas, a velocidade de 80, en negras.
 - Rexistro dende o Sib grave ata o Fa# agudo.

O repertorio ao que se fai referencia nos mínimos esixibles poderá ser modificardo polo profesorado se o considera necesario en función das necesidades e características do alumnado. Nese caso ao comezo do curso (ou no momento en que se faga a modificación) o profesor indicará cales son os mínimos esixibles que corresponde aplicar en función do repertorio plantexado.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Realizarase unha **avaliación inicial** na primeira semana de clase. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- a) Farase una análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.
- b) Detectarase as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020.
- c) Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

O procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua**, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos





obxectivos e dos contidos abordados. O profesorado valeráse das seguintes ferramentas para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento de cada unha das sesións de clase.
- Seguimento do grao de estudo do repertorio na casa.
- Grao de participación e actitude en cada concerto e/ou audición.
- Probas puntuais de nivel, individuais ou en grupo, de calquera fragmento do repertorio a petición do profesorado, se fose necesario.

Dada a importancia que a observación directa por parte do profesor ten nas ferramentas e procedementos de avaliación, o **profesor/a levará conta destes aspectos por escrito nun rexistro/diario de clase** do que será responsable el mesmo co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.

Criterios de cualificación

Dar un valor matemático de modo illado a cada un dos aspectos traballados, e por tanto susceptibles de ser avaliados, nas ensinanzas artísticas non é facilmente aplicable dada a súa interrelación. Por tanto, algúns dos criterios de avaliación fan referencia a bloques de coñecemento avaliados de forma conxunta. A distribución será a seguinte:

- **20%** da cualificación: actitude fronte a materia (asistencia e puntualidade, actitude na clase e grao de esforzo para alcanzar os obxectivos)
- **20%** da cualificación: calidade no estudo autónomo (regularidade, grao de esforzo e calidade do estudo na casa)
- **20%** da cualificación: repertorio traballado e dominado con respecto ao indicado en cada curso (mínimos esixibles)





- **20%** da cualificación: dominio técnico do instrumento según o indicado en cada curso (picado, corrección técnica, velocidade, articulación, dicitación, respiración, etc.) amosado nos estudos e demais exercicios técnicos propostos.
- **20%** da cualificación: calidade sonora (timbre, afinación, flexibilidade, igualdade nos rexistros, matices, fraseo, expresividade, etc.) amosado especialmente nas obras programadas.

Ampliación de matrícula

O procedemento para a solicitude e resolución de ampliación de matrícula pódese consultar nas N.O.F do Centro (disponibles na páxina web).

- Criterios para a concesión da ampliación de matrícula

Para valorar estos aspectos realizárase unha única proba instrumental que constará de tres partes e consistirá no seguinte:

- A. Interpretación dalgunhas escalas e/ou arpejos, a elección do profesor, e á velocidade e cas características indicadas nos mínimos esixibles do 3º trimestre do curso.

O resultado desta parte terá un peso do **30%** sobre a nota final da proba.

- B. Interpretación dalgúns dos exercicios indicados para todo o curso (mínimos esixibles), a elección do profesor.

Os aspectos a ter en conta na avaliación desta parte serán os seguintes: dominio técnico do instrumento; corrección rítmica e na articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo. Esta parte terá un peso do **35%** sobre a nota final da proba.





- C. Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para todo o curso (tamén poderán ser fragmentos das mesmas), a elección do profesor. Non será preciso acompañamento pianístico para a realización desta proba.

Na avaliación desta parte terase en conta o seguinte: dominio técnico do instrumento; corrección rítmica e na articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo. O peso desta parte na nota final da proba será do **35%**.

En todo caso, para conceder a ampliación de matrícula será necesario que o/a alumno/a teña superado tódolos obxectivos sinalados para o curso que este a realizar nesta materia e amosar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

6.1.4. Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para os alumnos que suspendan alguna das avaliacións parciais do presente curso, realizarase un plan de traballo específico, baseado na programación didáctica da materia, que pode constar de novas actividades de reforzo e de avaliación nos aspectos que precisen de mellora. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos en maior medida nos aspectos non superados en trimestres anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. Así pois, no momento no que o alumno ou alumna supere ao longo do presente curso cada un dos obxectivos mínimos esixidos na avaliación ou avaliacións parciais que tivera pendentes, estas consideraranse superadas.





- Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrita, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación, alomenos. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

Dita proba terá tres partes que consistirán en:

Parte A) Interpretación dalgunhas escalas e/ou arpejos, a elección do profesor, e á velocidade e cas características indicadas nos mínimos esixibles de cada curso.

Parte B) Interpretación dalgúns dos exercicios indicados para o curso (mínimos esixibles), a elección do profesor.

Parte C) Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para o curso (tamén poderán ser fragmentos das mesmas), a elección do profesor. Non será preciso acompañamento pianístico para a realización desta proba.

Os criterios de cualificación de cada unha das partes da proba son os seguintes:

Parte A) corrección na técnica de base aplicada a escalas e arpejos (velocidade, articulación, dixitación e destreza técnica): **30%** da nota final da proba.

Parte B) dominio técnico do instrumento; corrección rítmica e na articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo aplicado aos exercicios propostos: **35%** da nota final da proba.





Parte C) dominio técnico do instrumento; corrección rítmica e na articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo aplicado ás obras propostas: **35%** da nota final da proba.

En calquera caso, para poder acadar unha cualificación positiva nesta proba, o alumno/a deberá presentar para o exame todo o repertorio e exercicios indicados nos mínimos esixibles do trimestre ou curso correspondente.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

Probas extraordinarias de setembro

Aquel alumnado que non superara a materia no mes de xuño disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma que terá lugar durante a primeira semana do mes de setembro. Nela deberán demostrar o dominio sobre todos os contidos mínimos esixibles do curso correspondente para poder aprobar a materia.

Con carácter xeral consistirá nunha única proba co instrumento, o saxofón, e que constará de tres partes:

A. Interpretación dalgunhas escalas e/ou arpejos, a elección do profesor, e á velocidade e cas características indicadas nos mínimos esixibles de cada curso. O resultado desta parte terá un peso do **30%** sobre a nota final da proba.

B. Interpretación dalgúns dos exercicios indicados para o curso (mínimos esixibles), a elección do profesor. Os aspectos a ter en conta na avaliación desta parte serán os seguintes: dominio técnico do instrumento; corrección rítmica e na articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo. Esta parte terá un peso do **35%** sobre a nota final da proba.

C. Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para o curso (tamén poderán ser fragmentos das mesmas), a elección do profesor. Non será





preciso acompañamento pianístico para a realización desta proba. Na avaliación desta parte terase en conta o seguinte: dominio técnico do instrumento; corrección rítmica e na articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo. O peso desta parte na nota final da proba será do **35%**.

En calquera caso, para poder acadar unha cualificación positiva nesta proba, o alumno/a deberá presentar para o exame todo o repertorio e exercicios indicados nos mínimos esixibles do curso ou, se así o manifestara o profesor, soamente os non dominados durante o curso e indicados por el no informe de avaliación negativa.

6.1.5. Recursos didácticos 1º do Grao Elemental

▪ Métodos e/ou estudos

- L'Alphabet du Saxophoniste H. Prati (Ed.. Billaudot)
- El Saxofón y Yo (1º curso) De la Rosa / Librado (Ed. Mundimusic)
- Methode de Saxophone (débutants) Delangle / Bois (Ed. Lemoine)
- Escuchar, leer y tocar (volumen 1) (Ed. De Haske)

Os recursos didácticos anteriormente indicados poderán ser modificados polo profesor por outros de dificultade semellante se o considera necesario en función das necesidades e características do alumno/a.

6.1.6. Actividade non presencial

No caso de que as condicións sanitarias obriguen a que a actividade lectiva sexa non presencial, as condicións nas que se realizará serán as seguintes:





a/ Mantéñense os obxectivos, contidos e criterios de avaliación plantexados para a actividade presencial.

b/ As ferramentas empregadas serán: videoconferencias, audios e/ou videos semanais que serán correxidos polo profesor da materia.

c/ Mantéñense os criterios de cualificación plantexados para a actividade presencial.

6.2. Curso 2º do Grao Elemental

6.2.1. Obxectivos

- Iniciar un control suficiente do aire (respiración diafragmática) e dos músculos que forman a embocadura de maneira que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.
- Coñecer o funcionamento das cañas e a súa posible adaptación para un mellor funcionamento.
- Desenvolver a psicomotricidade no dominio de elementos que interveñen na interpretación musical.
- Enriquecer a capacidade auditiva e rítmica.
- Emitir un son estable en toda a extensión do instrumento.
- Lograr a seguridade técnica, dentro das esixencias do nivel, como base da seguridade interpretativa.
- Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento e saber utilizalas, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como de conxunto.
- Dominar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos dunha dificultade acorde con este nivel.
- Fomentar a audición de recitais e concertos en directo.





6.2.2. Contidos

- Práctica da relaxación e respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar.
- Emisión do son en relación cas diversas dinámicas e alturas.
- Realización de exercicios técnicos para o control e a homoxeneidade dos dedos en diferentes ritmos.
- Práctica das escalas cromática, diatónicas maiores e menores cos seus arpejos correspondentes ata tres alteracións.
- Práctica de conxunto con outros instrumentos para desenvolver a afinación, o axuste e precisión rítmica.
- Entrenamento permanente e progresivo da memoria.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.
- Lectura a vista de obras ou fragmentos sinxelos.
- Iniciación ao coñecemento das estruturas musicais, melodía, harmonía, etc..
- Práctica de exercicios, estudos e obras do repertorio útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumno.

6.2.3. Avaliación

A avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso. Utilizaranse pois procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.



Dita avaliación será en todo caso **obxectiva**, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, **transparente**, xa que se aplicarán os criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e **acesible**, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Criterios de avaliación 2º do Grao Elemental

- Adquirir un control suficiente do aire (respiración diafragmática) e dos músculos que forman a embocadura de maneira que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.
- Demostrar o coñecemento básico de funcionamento das cañas e a súa posible adaptación para un mellor funcionamento.
- Demostrar melloría da psicomotricidade no dominio de elementos que interveñen na interpretación musical.
- Demostrar avance na capacidade auditiva e rítmica.
- Lograr emitir un son estable en toda a extensión do instrumento.
- Lograr unha seguridade técnica, dentro das esixencias do nivel, como base da seguridade interpretativa.
- Demostrar o coñecemento das características e posibilidades sonoras do instrumento e saber utilizalas, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como de conxunto.
- Dominar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos dunha dificultade acorde con este nivel.
- Participar en audicións e concertos en directo.





- Mostrar unha actitude positiva fronte a tódalas actividades propostas: tanto individuais coma grupais, e tanto nas da aula ou da casa coma nas audicións e concertos en público.

Mínimos esixibles 2º do Grao Elemental

- **PRIMEIRA AVALIACIÓN**
 - 50 Études Fáciles et Progressives de Lacour: 1-7
 - 29 Etudes progressives de Prati: 1-8
 - Escalas maiores e menores de ata 3 alteracións propias (incluidas) e a escala cromática, picadas e ligadas, a velocidade de 60, en corcheas.

- **SEGUNDA AVALIACIÓN**
 - 50 Études Fáciles et Progressives de Lacour: 8-14
 - 29 Etudes progressives de Prati: 9-16
 - Escalas maiores e menores de ata 3 alteracións propias (incluidas) e a escala cromática, picadas e ligadas, a velocidade de 72, en corcheas.
 - Unha obra das indicadas na programación.

- **TERCEIRA AVALIACIÓN**
- Probas puntuais de nivel, individuais ou en grupo, de calquera fragmento do repertorio a petición do profesorado, se fose necesario.

Dada a importancia que a observación directa por parte do profesor ten nas ferramentas e procedementos de avaliación, o **profesor/a levará conta destes aspectos por escrito nun rexistro/diario de clase** do que será responsable el mesmo co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.

Criterios de cualificación

Dar un valor matemático de modo illado a cada un dos aspectos traballados, e por tanto susceptibles de ser avaliados, nas ensinanzas artísticas non é fácilmente aplicable dada a súa interrelación. Por tanto, algúns dos criterios de avaliación fan referencia a bloques de coñecemento avaliados de forma conxunta. A distribución será a seguinte:

- **20%** da cualificación: actitude fronte a materia (asistencia e puntualidade, actitude na clase e grao de esforzo para alcanzar os obxectivos)
- **20%** da cualificación: calidade no estudo autónomo (regularidade, grao de esforzo e calidade do estudo na casa)





- **20%** da cualificación: repertorio traballado e dominado con respecto ao indicado en cada curso (mínimos esixibles)
- **20%** da cualificación: dominio técnico do instrumento según o indicado en cada curso (picado, corrección técnica, velocidade, articulación, dixitación, respiración, etc.) amosado nos estudos e demais exercicios técnicos propostos.
- **20%** da cualificación: calidade sonora (timbre, afinación, flexibilidade, igualdade nos rexistros, matices, fraseo, expresividade, etc.) amosado especialmente nas obras programadas.

Ampliación de matrícula

O procedemento para a solicitude e resolución de ampliación de matrícula pódese consultar nas N.O.F do Centro (dispoñibles na páxina web).

- Criterios para a concesión da ampliación de matrícula

Para valorar estes aspectos realizarase unha única proba instrumental que constará de tres partes e consistirá no seguinte:

- A. Interpretación dalgunhas escalas e/ou arpejos, a elección do profesor, e á velocidade e cas características indicadas nos mínimos esixibles do 3º trimestre do curso.

O resultado desta parte terá un peso do **30%** sobre a nota final da proba.

- B. Interpretación dalgúns dos exercicios indicados para todo o curso (mínimos esixibles), a elección do profesor.

Os aspectos a ter en conta na avaliación desta parte seran os seguintes: dominio técnico do instrumento; corrección rítmica e na articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo. Esta parte terá un peso do **35%** sobre a nota final da proba.





- C. Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para todo o curso (tamén poderán ser fragmentos das mesmas), a elección do profesor. Non será preciso acompañamento pianístico para a realización desta proba.

Na avaliación desta parte terase en conta o seguinte: dominio técnico do instrumento; corrección rítmica e na articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo. O peso desta parte na nota final da proba será do **35%**.

En todo caso, para conceder a ampliación de matrícula será necesario que o/a alumno/a teña superado tódolos obxectivos sinalados para o curso que este a realizar nesta materia e amosar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

6.9.4. Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para os alumnos que suspendan alguna das avaliacións parciais do presente curso, realizarase un plan de traballo específico, baseado na programación didáctica da materia, que pode constar de novas actividades de reforzo e de avaliación nos aspectos que precisen de mellora. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos en maior medida nos aspectos non superados en trimestres anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. Así pois, no momento no que o alumno ou alumna supere ao longo do presente curso cada un dos obxectivos mínimos esixidos na avaliación ou avaliacións parciais que tivera pendentes, estas consideraranse superadas.

Para os alumnos que teñan a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo mais específico baseado na programación didáctica da materia e nos





puntos que necesiten dunha mais grande mellora por parte do alumno ou alumna, e que poderá constar de novas actividades e/ou recursos complementarios, que axuden a reforzar ditos aspectos. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos nos aspectos non superados en cursos anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. No momento no que o/a alumno/a supere cada un dos obxectivos mínimos esixidos para o curso que figure como pendente, poderase considerar superado o curso pendente correspondente.

- Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrita, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación, alomenos. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

Dita proba terá tres partes que consistirán en:

Parte A) Interpretación dalgunhas escalas e/ou arpxeos, a elección do profesor, e á velocidade e cas características indicadas nos mínimos esixibles de cada curso.

Parte B) Interpretación dalgúns dos exercicios indicados para o curso (mínimos esixibles), a elección do profesor.





Parte C) Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para o curso (tamén poderán ser fragmentos das mesmas), a elección do profesor. Non será preciso acompañamento pianístico para a realización desta proba.

Os criterios de cualificación de cada unha das partes da proba son os seguintes:

Parte A) corrección na técnica de base aplicada a escalas e arpejos (velocidade, articulación, dixitación e destreza técnica): **30%** da nota final da proba.

Parte B) dominio técnico do instrumento; corrección rítmica e na articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo aplicado aos exercicios propostos: **35%** da nota final da proba.

Parte C) dominio técnico do instrumento; corrección rítmica e na articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo aplicado ás obras propostas: **35%** da nota final da proba.

En calquera caso, para poder acadar unha cualificación positiva nesta proba, o alumno/a deberá presentar para o exame todo o repertorio e exercicios indicados nos mínimos esixibles do trimestre ou curso correspondente.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

Probas extraordinarias de setembro

Aquel alumnado que non superara a materia no mes de xuño disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma que terá lugar durante a primeira semana do mes de setembro. Nela deberán demostrar o dominio sobre todos os contidos mínimos esixibles do curso correspondente para poder aprobar a materia.

Con carácter xeral consistirá nunha única proba co instrumento, o saxofón, e que constará de tres partes:





- A. Interpretación dalgunhas escalas e/ou arpejos, a elección do profesor, e á velocidade e cas características indicadas nos mínimos esixibles de cada curso.

O resultado desta parte terá un peso do **30%** sobre a nota final da proba.

- B. Interpretación dalgúns dos exercicios indicados para o curso (mínimos esixibles), a elección do profesor.

Os aspectos a ter en conta na avaliación desta parte seran os seguintes: dominio técnico do instrumento; corrección rítmica e na articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo. Esta parte terá un peso do **35%** sobre a nota final da proba.

- C. Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para o curso (tamén poderán ser fragmentos das mesmas), a elección do profesor. Non será preciso acompañamento pianístico para a realización desta proba.

Na avaliación desta parte terase en conta o seguinte: dominio técnico do instrumento; corrección rítmica e na articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo. O peso desta parte na nota final da proba será do **35%**.

En calquera caso, para poder acadar unha cualificación positiva nesta proba, o alumno/a deberá presentar para o exame todo o repertorio e exercicios indicados nos mínimos esixibles do curso ou, se así o manifestara o profesor, soamente os non dominados durante o curso e indicados por el no informe de avaliación negativa.

6.9.5. Recursos didácticos 5º do Grao Profesional

- Métodos e/ou estudos
 - Les Gammes Conjointes et en Intervalles J-M. Londeix (Ed. Lemoine)
 - 20 Grandes Études, vol. 2 F. Capelle (Ed. Leduc)





- 53 Études, vol. 2 M. Mule (Ed. Leduc)
- Etudes Variées M. Mule (Ed. Leduc)
- Tango-Études A. Piazzolla (Ed. Lemoine)
- Aphorismes VII (de A a J) E. Rolin (Ed. H. Lemoine)
- Obras para saxofón en Mib
 - Scaramouche D. Milhaud (Ed. Salabert)
 - Tableaux de Provence P. Maurice (Ed. Lemoine)
 - Tango et Tarantelle M. Dautremere (Ed. Leduc)
 - Brillance I. Gotkovsky (Ed. Billaudot)
 - Balade H. Tomasi (Ed. Leduc)
 - Lobuk Constrictor F. Rossé (Ed. Billaudot)
- Obras para saxofón en Sib
 - Concetino P. Harvey (Ed. Maurer)
 - Premier Solo J. Demersseman (Ed. Lemoine)
 - Sonata L. Stein (Ed. Southern Music Co.)
 - Piece Concertante G. Lacour (Ed. Billaudot)
 - Suite nº 3 J.S. Bach. Tr.: Londeix (Ed. Lemoine)

Os recursos didácticos anteriormente indicados poderán ser modificados polo profesor por outros de dificultade semellante se o considera necesario en función das necesidades e características do alumno/a.





6.9.6. Actividade non presencial

No caso de que as condicións sanitarias obriguen a que a actividade lectiva sexa non presencial, as condicións nas que se realizará serán as seguintes:

A/ Mantéñense os obxectivos, contidos e criterios de avaliación plantexados para a actividade presencial.

B/ As ferramentas empregadas serán: videoconferencias, audios e/ou videos semanais que serán corregidos polo profesor da materia.

C/ Mantéñense os criterios de cualificación plantexados para a actividades presencial.

6.10 Curso 6º do Grao Profesional

6.10.1. Obxectivos

- Fomentar unha sensibilidade auditiva que permita controlar e mellorar o son nos seus diferentes parámetros, adecuándoos aos diferentes estilos e combinacións instrumentais.
- Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas dos diferentes estilos e que favoreza o desenvolvemento técnico e artístico do alumno neste nivel.
- Perfeccionar a adaptación da caña para lograr un mellor funcionamento da mesma.
- Fomentar a autonomía para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación e execución instrumental.
- Profundizar nos coñecementos estilísticos, harmónicos e formais, permitindo ao alumno acadar decisións interpretativas de forma cada vez máis autónoma.
- Coñecer as diversas convencións interpretativas correspondentes aos distintos períodos do repertorio do instrumento.





- Integrar adecuadamente os coñecementos técnicos e interpretativos adquiridos á práctica de conxunto en formacións camerísticas ou en conxuntos instrumentais máis amplos.
- Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.
- Desenvolver o espírito crítico para percibir adecuadamente o valor artístico dunha obra musical e a súa interpretación.
- Fomentar o interese polo coñecemento e desatollo do repertorio do instrumento.
- Espertar a interese por outras manifestacións artísticas.

6.10.2. Contidos

- Práctica da escala cromática e todas as escalas diatónicas maiores e menores e en intervalos de terceira e cuarta cos seus respectivos arpejos (perfectos maiores e menores, de sétima dominante e diminuída), incluído o rexistro sobreagudo.
- Desenvolvemento da velocidade e de toda a gama de articulacións.
- Desenvolvemento da capacidade pulmonar.
- Estudio do son atendendo a súa morfoloxía: diferenciación de ataques, timbre e finalización.
- Utilización dos recursos sonoros correspondentes á interpretación do repertorio.
- Profundización no estudo do vibrato adecuándoo ás esixencias interpretativas dos diferentes estilos e caracteres.
- Control e dominio do rexistro sobreagudo ampliando o rexistro natural do instrumento.
- Traballo de tódolos elementos que interveñen no fraseo musical: liña, color e expresión, adecuándoos aos diferentes estilos.





- Práctica de conxunto con outros instrumentos, desenvolvendo o sentido da afinación, o ritmo e control dos diferentes planos sonoros.
- Estudio do repertorio orquestral, tanto en funcións de solista ou como integrante da formación.
- Utilización de diferentes instrumentos da familia do saxofón.
- Entrenamento permanente e progresivo da memoria.
- Práctica da lectura a vista.
- A improvisación en diferentes estilos.
- Profundización nas análises formal, harmónica e estética do repertorio traballado.
- Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de maneira crítica as características interpretativas.

6.10.3. Avaliación

A avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso. Utilizaranse pois procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

Dita avaliación será en todo caso **obxectiva**, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, **transparente**, xa que se aplicarán os criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e **accesible**, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza – aprendizaxe.





Criterios de avaliación 6º do Grao Profesional

- Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita controlar e mellorar o son nos seus diferentes parámetros, adecuándoos aos diferentes estilos e combinacións instrumentais.
- Dominar un repertorio que inclúa obras representativas dos diferentes estilos e que favoreza o desenvolvemento técnico e artístico do alumno neste nivel.
- Dominar a adaptación da caña para lograr un mellor funcionamento da mesma.
- Demostrar autonomía para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación e execución instrumental.
- Empregar os coñecementos estilísticos, harmónicos e formais, permitindo ao alumno acadar decisións interpretativas de forma cada vez máis autónoma.
- Demostar o coñecemento das diversas convencións interpretativas correspondentes aos distintos períodos do repertorio do instrumento.
- Lograr integrar adecuadamente os coñecementos técnicos e interpretativos adquiridos á práctica de conxunto en formacións camerísticas ou en conxuntos instrumentais máis amplos.
- Actuar en público demostrando autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.
- Mostrar espírito crítico para percibir adecuadamente o valor artístico dunha obra musical e a súa interpretación.
- Mostrar interese polo coñecemento e desenvolvemento do repertorio do instrumento.
- Demostar interese por outras manifestacións artísticas.





Mínimos esixibles 6º do Grao Profesional

▪ PRIMEIRA AVALIACIÓN

- Les Gammes: escalas maiores e menores por grados conxuntos, segundas, terceiras, cuartas, quintas, sextas, sétimas e oitavas ata 7 alteracións propias (incluidas), picadas e ligadas, a velocidade de 116; e arpejos (I, V7 e VII7 dis) de memoria á mesma velocidade en todo o rexistro.
- 53 Études de Mule: 36-40
- Nouvelles Études Variées de Londeix: 1-7
- Unha obra das indicadas na programación. *

▪ SEGUNDA AVALIACIÓN

- Les Gammes: escalas maiores e menores por grados conxuntos, segundas, terceiras, cuartas, quintas, sextas, sétimas e oitavas ata 7 alteracións propias (incluidas), picadas e ligadas, a velocidade de 120; e arpejos (I, V7 e VII7 dis) de memoria á mesma velocidade en todo o rexistro.
- 53 Études de Mule: 41-46
- Nouvelles Études Variées de Londeix: 8-15
- Unha obra das indicadas na programación. *

▪ TERCEIRA AVALIACIÓN

- Les Gammes: escalas maiores e menores por grados conxuntos, segundas, terceiras, cuartas, quintas, sextas, sétimas e oitavas ata 7 alteracións propias





(incluidas), picadas e ligadas, a velocidade de 120; e arpexos (I, V7 e VII7 dis) de memoria á mesma velocidade en todo o rexistro.

- 53 Études de Mule: 47-51
- Nouvelles Études Variées de Londeix: 16-21
- Unha obra das indicadas na programación. *

* *Nota:* alomenos unha das obras traballadas durante o curso deberá ser para saxofón en Sib.

O repertorio ao que se fai referencia nos mínimos esixibles poderá modificarse polo profesor se o considera necesario en función das necesidades e características do alumno/a. Nese caso ao comezo do curso (ou no momento en que se faga a modificación) o profesor indicará cales son os mínimos esixibles que corresponde aplicar en función do repertorio plantexado.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Realizarase unha **avaliación inicial** na primeira semana de clase. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- a) Farase una análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.
- b) Detectarase as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020.
- c) Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

O procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua**, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados. O profesorado valerase das seguintes ferramentas para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento de cada unha das sesións de clase.



- Seguimento do grao de estudo do repertorio na casa.
- Grao de participación e actitude en cada concerto e/ou audición.
- Probas puntuais de nivel, individuais ou en grupo, de calquera fragmento do repertorio a petición do profesorado, se fose necesario.

Dada a importancia que a observación directa por parte do profesor ten nas ferramentas e procedementos de avaliación, o **profesor/a levará conta destes aspectos por escrito nun rexistro/diario de clase** do que será responsable el mesmo co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.

Criterios de cualificación

Dar un valor matemático de modo illado a cada un dos aspectos traballados, e por tanto susceptibles de ser avaliados, nas ensinanzas artísticas non é fácilmente aplicable dada a súa interrelación. Por tanto, algúns dos criterios de avaliación fan referencia a bloques de coñecemento avaliados de forma conxunta. A distribución será a seguinte:

- **20%** da cualificación: actitude fronte a materia (asistencia e puntualidade, actitude na clase e grao de esforzo para alcanzar os obxectivos)
- **20%** da cualificación: calidade no estudo autónomo (regularidade, grao de esforzo e calidade do estudo na casa)
- **20%** da cualificación: repertorio traballado e dominado con respecto ao indicado en cada curso (mínimos esixibles)
- **20%** da cualificación: dominio técnico do instrumento según o indicado en cada curso (picado, corrección técnica, velocidade, articulación, dixitación, respiración, etc.) amosado nos estudos e demais exercicios técnicos propostos.





- **20%** da cualificación: calidade sonora (timbre, afinación, flexibilidade, igualdade nos rexistros, matices, fraseo, expresividade, etc.) amosado especialmente nas obras programadas.

6.10.4. Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para os alumnos que suspendan alguna das avaliacións parciais do presente curso, realizarase un plan de traballo específico, baseado na programación didáctica da materia, que pode constar de novas actividades de reforzo e de avaliación nos aspectos que precisen de mellora. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos en maior medida nos aspectos non superados en trimestres anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. Así pois, no momento no que o alumno ou alumna supere ao longo do presente curso cada un dos obxectivos mínimos esixidos na avaliación ou avaliacións parciais que tivera pendentes, estas consideraranse superadas.

Para os alumnos que teñan a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo mais específico baseado na programación didáctica da materia e nos puntos que necesiten dunha mais grande mellora por parte do alumno ou alumna, e que poderá constar de novas actividades e/ou recursos complementarios, que axuden a reforzar ditos aspectos. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos nos aspectos non superados en cursos anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. No momento no que o/a alumno/a





supere cada un dos obxectivos mínimos esixidos para o curso que figure como pendente, poderase considerar superado o curso pendente correspondente.

- Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrita, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación, alomenos. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

Dita proba terá tres partes que consistirán en:

Parte A) Interpretación dalgunhas escalas e/ou arpxeos, a elección do profesor, e á velocidade e cas características indicadas nos mínimos esixibles de cada curso.

Parte B) Interpretación dalgúns dos exercicios indicados para o curso (mínimos esixibles), a elección do profesor.

Parte C) Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para o curso (tamén poderán ser fragmentos das mesmas), a elección do profesor. Non será preciso acompañamento pianístico para a realización desta proba.

Os criterios de cualificación de cada unha das partes da proba son os seguintes:





Parte A) corrección na técnica de base aplicada a escalas e arpejos (velocidade, articulación, dixitación e destreza técnica): **30%** da nota final da proba.

Parte B) dominio técnico do instrumento; corrección rítmica e na articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo aplicado aos exercicios propostos: **35%** da nota final da proba.

Parte C) dominio técnico do instrumento; corrección rítmica e na articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo aplicado ás obras propostas: **35%** da nota final da proba.

En calquera caso, para poder acadar unha cualificación positiva nesta proba, o alumno/a deberá presentar para o exame todo o repertorio e exercicios indicados nos mínimos esixibles do trimestre ou curso correspondente.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

Probas extraordinarias de setembro

Aquel alumnado que non superara a materia no mes de xuño disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma que terá lugar durante a primeira semana do mes de setembro. Nela deberán demostrar o dominio sobre todos os contidos mínimos esixibles do curso correspondente para poder aprobar a materia.

Con carácter xeral consistirá nunha única proba co instrumento, o saxofón, e que constará de tres partes:

- A. Interpretación dalgunhas escalas e/ou arpejos, a elección do profesor, e á velocidade e cas características indicadas nos mínimos esixibles de cada curso.

O resultado desta parte terá un peso do **30%** sobre a nota final da proba.





- B. Interpretación dalgúns dos exercicios indicados para o curso (mínimos esixibles), a elección do profesor.

Os aspectos a ter en conta na avaliación desta parte seran os seguintes: dominio técnico do instrumento; corrección rítmica e na articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo. Esta parte terá un peso do **35%** sobre a nota final da proba.

- C. Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para o curso (tamén poderán ser fragmentos das mesmas), a elección do profesor. Non será preciso acompañamento pianístico para a realización desta proba.

Na avaliación desta parte terase en conta o seguinte: dominio técnico do instrumento; corrección rítmica e na articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo. O peso desta parte na nota final da proba será do **35%**.

En calquera caso, para poder acadar unha cualificación positiva nesta proba, o alumno/a deberá presentar para o exame todo o repertorio e exercicios indicados nos mínimos esixibles do curso ou, se así o manifestara o profesor, soamente os non dominados durante o curso e indicados por el no informe de avaliación negativa.

6.10.5. Recursos didácticos 6º do Grao Profesional

- Métodos e/ou estudos
 - Les Gammes Conjointes et en Intervalles J-M. Londeix (Ed. Lemoine)
 - Nouvelles Études Variées J-M. Londeix (Ed. Leduc)
 - 53 Études, vol. 3 M. Mule (Ed. Leduc)
- Obras para saxofón en Mib
 - Sonata P. Creston (Ed. Templeton)





- Concerto A. Glazunov (Ed. Leduc)
- Sonatina C. Pascale (Ed. Durand)
- Concertino E. Bozza (Ed. Leduc)
- Legende F. Schmitt (Ed. Durand)
- Gavambody 2 J. Charpentier (Ed. Leduc)
- Obras para saxofón en Sib
 - Fantasía H. Villa-Lobos (Ed. Suthern)
 - Episodie Quatrieme B. Jolas (Ed. Leduc)
 - Estudio de Concierto J. Menéndez (Ed. Real Musical)

Os recursos didácticos anteriormente indicados poderán ser modificados polo profesor por outros de dificultade semellante se o considera necesario en función das necesidades e características do alumno/a.

6.10.6. Actividade non presencial

No caso de que as condicións sanitarias obriguen a que a actividade lectiva sexa non presencial, as condicións nas que se realizará serán as seguintes:

A/ Mantéñense os obxectivos, contidos e criterios de avaliación plantexados para a actividade presencial.

B/ As ferramentas empregadas serán: videoconferencias, audios e/ou videos semanais que serán correxidos polo profesor da materia.

C/ Mantéñense os criterios de cualificación plantexados para a actividades presencial.





7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

O seguimento e avaliación das programacións será rexistrado por cada docente e tratado nas reunións periódicas do departamento, quedando constancia na acta daquelas desviacións e modificacións acordadas. Estes aspectos, así coma calquer outra idea ou proposta de mellora será incluída na memoria final do departamento, xa que servirán de base para a elaboración da programación didáctica do vindeiro curso.

Por outra banda, a misión da Comisión de Coordinación Pedagóxica será a de garantir que as programacións didácticas dos distintos departamentos presenten coherencia secuencial entre todas elas, e indicar, se é o caso, as modificacións pertinentes que deberán ser realizadas polos departamentos.

Dende o Departamento de Vento – Madeira para avaliar a programación didáctica terase en conta os seguintes aspectos:

- Obxectivos: adecuación ás necesidades específicas do alumnado e do Proxecto Educativo do Centro
- Contidos: validez na súa elección con respecto aos obxectivos plantexados e adecuación ao nivel do alumnado
- Actividades: atención á diversidade das capacidades e adecuación aos intereses do alumnado e aos seus ritmos de aprendizaxe
- Criterios metodolóxicos: adecuación e coherencia dos mesmos
- Os medios e recursos: avaliación dos criterios para a elección dos medios e recursos didácticos e a súa adecuación aos obxectivos propostos.





- A avaliación: idoneidade e a adecuación entre criterios de avaliación, técnicas e procedementos; entre os criterios de avaliación, contidos e obxectivos; e correlación entre os criterios de avaliación, os mínimos esixibles e os criterios de cualificación.
- Alumnado: relación co alumnado, ademais do clima de convivencia e traballo.

8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

A Materia de Saxofón está adscrita ao Departamento de Vento – Madeira, polo que os profesores que imparten a materia participaran na avaliación deste departamento.

Será misión do profesorado realizar a análise dos datos que obteña trala avaliación do alumnado e da programación didáctica para realizar as diferentes adaptacións ou adecuacións das estratexias metodolóxicas co fin de mellorar os resultados acadados. Na memoria final do Departamento de Vento – Madeira farase constar todos os aspectos ou acordos relevantes a este respecto, e a ter en conta de cara ao curso seguinte.

Neste proceso tamén se terá en conta a análise das enquisas de satisfacción do alumnado, así coma posibles aportacións que surxiran nas reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica, ou do resto do profesorado do centro.

Ademais, nas reunións do departamento trataranse outros aspectos como os recursos materiais e persoais dos que dispón o propio departamento ou o centro para ofrecer unha ensinanza de calidade, trasladando á Comisión de Coordinación Pedagóxica todo aquilo que se estime oportuno.





9. ANEXOS

9.1. Probas de acceso 1º de grao profesional

A proba instrumental (Saxofón) consistirá na interpretación de tres obras de libre elección, que poderán ser escollidas entre as programadas no 4º curso de Grao elemental, ou ser outras dunha dificultade similar, pero en todo caso deberán cumprir os seguintes requisitos:

Unha das tres obras deberá ser interpretada de memoria.

Unha das tres obras terá que ser de música de cámara (podendo ser unha formación solista con piano), é dicir, non se deberán presentar tres obras para saxofón solo sen acompañamento.

Será obrigatorio o acompañamento de piano nas obras que así o requiran, polo que os/as aspirantes, no caso de que o centro non o facilite (non está obrigado), deberán dispor do seu pianista acompañante.

Contidos

Os indicados nesta programación para ao curso 4º de Grao elemental.

Criterios de avaliación e cualificación

- **25%** da cualificación: repertorio presentado (dificultade do mesmo)
- **25%** da cualificación: dominio técnico do instrumento (picado, corrección técnica, velocidade, articulación, dixitación, respiración, etc.) amosado nas obras presentadas.





- **25%** da cualificación: calidade sonora (timbre, afinación, flexibilidade, igualdade nos rexistros, matices, etc.) amosado nas obras presentadas.
- **25%** da cualificación: calidade interpretativa (conexión co acompañamento, fraseo, expresividade, corrección rítmica e de tempo, planos sonoros, etc.) amosado nas obras presentadas.

9.2. Probas de acceso a 2º, 3º ou 4º de grao elemental

A proba instrumental (Saxofón) consistirá na interpretación de dúas obras de libre elección, e dun exercicio de lectura a primeira vista, que poderán ser escollidas entre as programadas no indicado nesta programación para o curso anterior ao que se pretende acceder, ou ser outras dunha dificultade similar, a elección do aspirante.

Será obrigatorio o acompañamento de piano nas obras que así o requiran, polo que os/as aspirantes, no caso de que o centro non o facilite (non está obrigado), deberán dispor do seu pianista acompañante.

Contidos

Os indicados nesta programación para ao curso inmediatamente anterior ao que se pretende acceder.

Criterios de avaliación e cualificación

- **25%** da cualificación: repertorio presentado (dificultade do mesmo)
- **25%** da cualificación: dominio técnico do instrumento (picado, corrección técnica, velocidade, articulación, dixitación, respiración, etc.) amosado nas obras presentadas.





- **25%** da cualificación: calidade sonora (timbre, afinación, flexibilidade, igualdade nos rexistros, matices, etc.) amosado nas obras presentadas.
- **25%** da cualificación: calidade da interpretación no exercicio a primeira vista (fidelidade ao texto, soltura na lectura, etc.)

9.3. Probas de acceso a 2º, 3º, 4º, 5º ou 6º curso do Grao Profesional

A proba instrumental (Saxofón) consistirá na interpretación de tres obras de libre elección, que poderán ser escollidas entre as indicadas nesta programación para o curso inmediatamente anterior ao que se pretende acceder, ou ser outras dunha dificultade similar, pero en todo caso deberán cumprir os seguintes requisitos:

Unha das tres obras deberá ser interpretada de memoria.

Unha das tres obras terá que ser de música de cámara (podendo ser unha formación solista con piano), é dicir, non se deberán presentar tres obras para saxofón solo sen acompañamento.

Será obrigatorio o acompañamento de piano nas obras que así o requiran, polo que os/as aspirantes, no caso de que o centro non o facilite (non está obrigado), deberán dispor do seu pianista acompañante.

Contidos

Os indicados nesta programación para ao curso inmediatamente anterior ao que se pretende acceder.

Criterios de avaliación e cualificación

- **25%** da cualificación: repertorio presentado (dificultade do mesmo)





- **25%** da cualificación: dominio técnico do instrumento (picado, corrección técnica, velocidade, articulación, dixitación, respiración, etc.) amosado nas obras presentadas.
- **25%** da cualificación: calidade sonora (timbre, afinación, flexibilidade, igualdade nos rexistros, matices, etc.) amosado nas obras presentadas.
- **25%** da cualificación: calidade interpretativa (conexión co acompañamento, fraseo, expresividade, corrección rítmica e de tempo, planos sonoros, etc.) amosado nas obras presentadas.

Obviamente, o grao de esixencia en canto á consecución dos criterios de avaliación e cualificación indicados anteriormente irá en relación ao curso ao que o/a aspirante pretenda acceder.

9.4. Criterios para a obtención dos premios fin de grao

Segundo a *Orde do 10 de marzo de 2009, polo que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honor e premio de fin de grao para as ensinanzas de música e danza*, o premio fin de grao concederáse ao alumnado que cumpla os dous seguintes requisitos:

- Rematar os estudos profesionais de música cunha cualificación media de 8, polo menos, no último curso.
- Superar a proba anual correspondente ao final do curso, que deberá ser de carácter práctico e será valorada por un tribunal constituído para tal fin.

Os criterios valorativos para a obtención do premio fin de grao establecidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro son comúns para todas as especialidades, pódense consultar no centro ou na súa páxina web.

